



UNIVERSIDADE DA CORUÑA



HR EXCELLENCE IN RESEARCH

ANEXO III Referencia convocatoria: 2025/CP/259

CONVOCATORIA DE CONTRATACIÓN

Referencia axuda: PID2024-160181OB-I00			
Título: Modelos numéricos avanzados para interacción fluido estrutura e optimización de futuros deseños de sistemas de turbinas eólicas offshore. (AFRODITE)			
Liña de investigación / Servizos científico-técnicos: Simulación de Interacción Fluido Estrutura			
PERÍODO AXUDA: INICIO: 01/09/2025 FIN: 31/08/2028			
CENTRO Inv. Principal: Centro de Innovación Tecnológica en Edificación e Ingeniería Civil (CITEEC)			
OBJECTO DO CONTRATO:			
Colaborador/a nas tarefas do (proxecto/convenio) de investigación que se indica.			
LUGAR E HORARIO: E.T.S. Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos. Luns-venres, 9:00-16:00			
GRUPO DE COTIZACIÓN NO RÉXIME XERAL DA SEGURIDADE SOCIAL: Grupo 1			
CATEGORÍA PROFESIONAL *(ACORDO DO 18 XULLO DE 2025 SOBRE O PERSOAL CONTRATADO PARA TAREFAS DE INVESTIGACIÓN (PCTI))			
Investigador/a contratado/a doutor/a ☐		Axudante de apoio á investigación ☐	
Xestor/a de investigación ☐ MECES Elegir		Técnico/a administrativo/a e de xestión ☐	
Colaborador/a de investigación ☒ MECES 2		Axudante administrativo/a ☐	
Técnico/a de apoio á investigación ☐ MECES Elegir			
XORNADA	Tempo Completo: ☒	Tempo Parcial: ☐	DATA APROX. INICIO CONTRATO: 01/01/2026
TIPO DE CONTRATO:	Indefinido ☐		Duración determinada ☒
		DATA FIN CONTRATO: 31/08/2028	
RETRIBUCIÓN BRUTAS: 2.166,66 €/mes (con pagas extras prorrateadas) *			
PARTIDA ORZAMENTARIA: 0599251223 541A 6490206			
Proy. Generación de Conocimiento 2024 (PID2024-160181OB-I00)			

* O pagamento da retribución realizarase en 12 mensualidades (inclúese en cada mensualidade a parte proporcional da paga extraordinaria correspondente)

REQUISITOS

TITULACIÓN: Licenciatura, enxeñaría, arquitectura, grao, diplomatura, enxeñaría técnica e arquitectura técnica
REQUISITOS: Os requisitos descritos na MEMORIA anexa deben terse cumprido no momento de finalizar o prazo de presentación de solicitudes.

LUGAR DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

LUGAR: Sede electrónica da UDC.
Dirixidas á Vicerreitoría de Investigación e Transferencia, coa Referencia da convocatoria .
PRAZO: 5 días hábiles a partir do día seguinte ao da publicación no taboleiro de anuncios da Sede electrónica da UDC.

ÓRGANO DE SELECCIÓN E PUBLICACIÓN RESOLUCIÓN

COMISIÓN DE SELECCIÓN (mínimo tres titulares e tres suplentes): Luis Ramírez (TIT-UN, presidente), Ignasi Colominas (CAT-UN, vocal), Iván Couceiro (AXU-DR, secretario). (Suplentes: Xesús Nogueira (CAT-UN), Fermín Navarrina (CAT-UN), José París (TIT-UN))

Documentación que debe presentar o solicitante:

- Fotocopia do documento identidade.
- Fotocopia da titulación académica.
- Curriculum vitae.
- Declaración responsable de que se cumpren os requisitos da convocatoria.
- Declaración responsable da veracidade dos datos que se fan constar na solicitude.

*Acordo de clasificación profesional e condicións de traballo do persoal contratado ao abeiro da Lei 14/2011, do 7 de xullo, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación (persoal contratado para tarefas de investigación PCTI). Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.

Código Seguro De Verificación	ZSNnDavg05L1y3NkU+PV2w==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Director/a da ETS de Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos - Luis Ramírez Palacios	Asinado	27/11/2025 10:02:17
Observacións		Páxina	1/4
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/ZSNnDavg05L1y3NkU%2BPV2w%3D%3D		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



LUGAR DE PUBLICACIÓN DA RESOLUCIÓN: Taboleiro de anuncios da Sede electrónica da UDC.

En cumprimento do art. 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (RXPd), e do art. 11 da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais (LOPD), infórmase de que os datos persoais facilitados serán tratados pola Universidade da Coruña.

A finalidade do tratamento destes datos é a xestión do expediente do gasto indicado no presente documento. A base de lexitimación do tratamento sitúase no art. 6.1.b) e c) RXPd (execución dun contrato e obriga legal). Todas as persoas que entren en contacto cos datos cumprirán o deber de confidencialidade establecido no art. 5 LOPD. Estes datos trataranse durante o tempo imprescindible para cumprir coa citada finalidade, sen prexuízo da súa conservación en relación coa posible existencia de responsabilidades legais.

Para o exercicio dos dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, portabilidade e limitación de tratamento pode consultarse www.udc.gal/gl/goberno/equipo_reitoral/secretaria/proteccion-de-datos.

A Coruña/Ferrol, de de
O/A INVESTIGADOR/A PRINCIPAL
Asdo.: Luis Ramírez Palacios

Documentación que debe presentar o solicitante:

1. Fotocopia do documento identidade.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae.
4. Declaración responsable de que se cumpren os requisitos da convocatoria.
5. Declaración responsable da veracidade dos datos que se fan constar na solicitude.

**Acordo de clasificación profesional e condicións de traballo do persoal contratado ao abeiro da Lei 14/2011, do 7 de xullo, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación (persoal contratado para tarefas de investigación PCTI). Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.*

Código Seguro De Verificación	ZSNnDavg05Lly3NkU+PV2w==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Director/a da ETS de Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos - Luis Ramírez Palacios	Asinado	27/11/2025 10:02:17
Observacións		Páxina	2/4
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/ZSNnDavg05Lly3NkU%2BPV2w%3D%3D		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





UNIVERSIDADE DA CORUÑA



HR EXCELLENCE IN RESEARCH

MEMORIA DA CONVOCATORIA DE CONTRATACIÓN

O presente contrato de colaborador/a de Investigación convócase co gallo de poder alcanzar adecuadamente os obxectivos do proxecto con referencia PID2024-160181OB-I00 da convocatoria de "Proyectos de Generación de Conocimiento" no marco do Plan Estatal de Investigación Científica, Técnica e de Innovación para o período 2024-2027". No seo do Grupo de Métodos Numéricos en Enxeñería (GMNI) estase desenvolvendo unha liña de investigación en relación á aplicación de técnicas de mecánica computacional e simulacións numéricas para a simulación de problemas de interacción fluído estrutura aplicadas a sistemas de xeración de enerxía renovable mariña. Para o desenvolvemento desta liña de investigación e a consecución dos seus correspondentes obxectivos é preciso contratar un/ha colaborador/a de Investigación coas tarefas que se expoñen a continuación:

A persoa contratada colaborará na realización das seguintes actividades e tarefas que se encadran nos obxectivos da liña de investigación e o proxecto:

- Desenvolvemento de modelos de alta precisión para a análise de problema de interacción fluído estrutura.
- Implementación dos modelos desenvolvidos nun modelo multiescala que permita analizar sistemas de xeración de de enerxía renovable mariña.
- Análise e mellora da eficiencia computacional dos modelos desenvolvidos.

Requisitos das persoas candidatas:

- Estar en posesión do título de Grao, Enxeñería, Licenciatura ou Mestrado.
- Coñecementos de mecánica computacional
- Coñecementos de cálculo lineal e non lineal de estruturas.
- Coñecementos de dinámica de fluídos computacional.
- Coñecementos de linguaxes de programación para mecánica computacional.

Criterios de valoración:

Para a adxudicación do contrato valorarase nun 55% o expediente académico, onde se terán en conta os seguintes aspectos: 1) a titulación cursada e a nota media obtida na mesma, 2) as cualificacións das materias do ámbito das ecuacións diferenciais, os métodos numéricos, o cálculo de estruturas e a dinámica de fluídos computacional. Valorarase nun 15% a experiencia e coñecemento do candidato nas tarefas para realizar no proxecto, en particular en métodos numéricos para CFD e a programación. Valorarase cun 20% outros méritos tales como participación en congresos e seminarios de investigación, premios, contratos de investigación ou bolsas de colaboración obtidas en convocatoria competitiva. Valorarase cun 10% a entrevista persoal daqueles candidatos que superen 60 puntos nos apartados anteriores. A puntuación mínima para que os candidatos poidan formar parte da lista de espera será de 70 puntos.

Documentación que debe presentar o solicitante:

- Fotocopia do documento identidade.
- Fotocopia da titulación académica.
- Curriculum vitae.
- Declaración responsable de que se cumpren os requisitos da convocatoria.
- Declaración responsable da veracidade dos datos que se fan constar na solicitude.

**Acordo de clasificación profesional e condicións de traballo do persoal contratado ao abeiro da Lei 14/2011, do 7 de xullo, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación (persoal contratado para tarefas de investigación PCTI). Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.*

Código Seguro De Verificación	ZSNnDavg05L1y3NkU+PV2w==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Director/a da ETS de Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos - Luis Ramírez Palacios	Asinado	27/11/2025 10:02:17
Observacións		Páxina	3/4
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/ZSNnDavg05L1y3NkU%2BPV2w%3D%3D		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



Os anteriores criterios de valoración serán ponderados de acordo ao seguinte BAREMO:

A. Expediente académico (máximo 55 puntos): Considérase unha valoración cun máximo de 40 puntos en función da nota media do expediente. Valoraranse preferentemente as candidaturas con titulacións do ámbito da Enxeñería Civil, Industrial ou Aeronáutica (grado, mestrado ou titulacións de máster equivalentes recoñecidas). No caso de candidaturas con outras titulacións de enxeñería (ou titulacións de máster equivalentes recoñecidas) aplicarase un factor de ponderación do 50% da nota media do expediente. No caso de candidaturas con titulacións diferentes ás anteriores a ponderación será do 10%. A puntuación outorgada estará ponderada en función da cualificación media do expediente de grado, de modo que 20 puntos obtéñense por ter completada a titulación e os 20 puntos restantes outórganse progresivamente en función da nota media do expediente. A cualificación obtida pola titulación de grao poderá incrementarse (ata acadar o máximo de 40 puntos) con titulacións de máster ou equivalente no mesmo ámbito. Por ter cursado un máster oficial poderanse outorgar 5 puntos e outros 5 máis proporcionalmente en función da calificación obtida no mesmo. Os 15 puntos restantes asignaranse en función das cualificacións das materias cursadas pola persoa candidata en relación ás tarefas do proxecto relacionadas cos ecuacións diferenciais, os métodos numéricos, a mecánica de estruturas, a programación de ordenadores e a mecánica computacional (2 puntos por cada 6 ECTS). No caso destas asignaturas aplicarase a mesma ponderación que para a nota media do expediente en función da titulación cursada.

B. Experiencia e coñecementos relacionados coas actividades para desenvolver (máximo 15 puntos):

B.1) Experiencia no desenvolvemento de formulacións numéricas no ámbito de CFD (máximo 5 puntos). Valorarase cada ano de experiencia cun máximo de 1 punto.

B.2) Programación: valorarase o coñecemento en programación en linguaxes como Fortran, C, Matlab, Python e o emprego de software como Paraview e OpenFOAM (2 puntos cada un, máximo 10 puntos).

C. Outros méritos académicos (máximo 20 puntos): valoraranse a participación en congresos e seminarios de investigación, os premios ou as bolsas de colaboración obtidos en convocatoria competitiva con 4 puntos por cada mérito. Esta puntuación tamén se ponderará en función da súa afinidade co ámbito do proxecto. Se se trata de méritos do ámbito da enxeñería civil pero non relacionados directamente co ámbito do proxecto ponderarase cun 20%. Noutros casos a ponderación será nula.

D. Entrevista persoal aos candidatos que superen unha puntuación de 60 puntos nos apartados anteriores (máximo 10 puntos)

Documentación que debe presentar o solicitante:

1. Fotocopia do documento identidade.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae.
4. Declaración responsable de que se cumpren os requisitos da convocatoria.
5. Declaración responsable da veracidade dos datos que se fan constar na solicitude.

**Acordo de clasificación profesional e condicións de traballo do persoal contratado ao abeiro da Lei 14/2011, do 7 de xullo, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación (persoal contratado para tarefas de investigación PCTI). Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.*

Código Seguro De Verificación	ZSNnDavg05Lly3NkU+PV2w==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Director/a da ETS de Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos - Luis Ramírez Palacios	Asinado	27/11/2025 10:02:17
Observacións		Páxina	4/4
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/ZSNnDavg05Lly3NkU%2BPV2w%3D%3D		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

